

A D.O. Ribeira Sacra celebra en Portomarín a Cata de Calificación da colleita 2019, o día 28

As Catas de Calificación da Ribeira Sacra teñen carácter itinerante por subzonas e, nesta ocasión, a quenda é para a subzona de Chantada. O pasado ano, a cita foi en Paradela (subzona de Ribeiras do Miño), onde a colleita 2018 obtiña a valoración de EXCELENTE.

Integran o **panel de cata** desta edición:

- **Constantino Iglesias**, Asociación Galega de Catadores
- **Alejandro López Facorro**, Asociación Sumilleres de Gallaecia
- **Ana Isabel Fernández Escudero**, Asociación VitisLucus, expertos en análise sensorial e enoturismo
- **Maira Ratón Fernández**, Asociación Galega de Enólogos
- **Waldo Carreiras Albo**, representante Consumidores Consello Regulador D.O. Ribeira Sacra
- **José María Martínez Alonso**, representante Distribución Consello Regulador D.O. Ribeira Sacra
- **Alfonso Losada Quiroga**, experto en Análise Sensorial de Viños
- **David Pascual Rodríguez**, experto en Análise Sensorial de Viños
- **Mar Vilanova de la Torre**, expera en Análise Sensorial de Viños
- **José Luis Hernáez Mañas**, experto en Viticultura e Análise Sensorial de Vinos

O panel de cata valorará 10 mostras, 2 por subzona (Amandi, Chantada, Quiroga- Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil), buscando ter representación en cada subzona dunha adega de maior produción e outra de menor produción, para establecer unha valoración media dos viños da nova anada. A recollida de mostras estivérona facendo técnicos do C.R.D.O.R.S. desde o pasado día 21.

O Consello Regulador organiza esta cata co fin de informar aos consumidores sobre a calidade dos viños que se van a atopar no mercado. A primeira cata de cualificación celebrouse no 1996, co resultado de "BOA". Desde entón, todas as cualificacións foron de "MOI BOA", excepto os dous últimos anos e no 2000, que foron "EXCELENTES".

